

NOME E APELIDOS:

PREGUNTA 5. Educación literaria:

Contextualice o texto de Castelao na época literaria correspondente e identifique e explique dúas características da súa narrativa, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinale e explique brevemente unha obra narrativa doutros dous autores diferentes, da mesma época literaria que Castelao. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

"Chámanlle a *Marquesiña* e os seus peños endexamáis se calzaron. Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a *Marquesiña*. Non foi á escola por non ter chambra que pór, e chámanlle a *Marquesiña*. Non probou más lambetadas que unha pedra de zucré, e chámanlle a *Marquesiña*. A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E áinda lle chaman a *Marquesiña*!"

Castelao, *Cousas* (1934).

PREGUNTA 6. Educación literaria:

NOME E APELIDOS:

PREGUNTA 5. Educación literaria:

5. Contextualice o texto de Otero Pedrayo na época literaria correspondente e identifique e explique dúas características do seu estilo narrativo apoiándose no propio fragmento. Indique outros dous narradores más destacados deste período e sinale unha obra de cada un deles. (Ext. aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**

“Dona Rosiña vive e goberna no pazo da beiramar. Algúns pazos foran gastados, enteiriños, por don Xoán. Mais el sempre se reserva os mobles, e da montaña e da ribeira, dos pazos vendidos a disbarate, chegan retablos dourados de capelas, leitos taraceados, arcaces de fino labor, armas antigas, retratos de frades estáticos, de terribles señores, de donas de opulenta beleza como marmelos outonizos. No pazo de beiramar converxen todos os ríos da ascendencia de don Xoán, e don Xoán no medio dos preciosos mobles cre ser dono de todos os pazos herdados.” Ramón Otero Predrayo, “O fidalgo”, *Contos do camiño e da rúa*, 1932.